

**RESOLUCIÓN DO DECANO DA FACULTADE DE DEREITO DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 22 DE XULLO DE  
2011, SOBRE NORMAS PARA A ASIGNACIÓN DE GRUPO NO CURSO  
ACADÉMICO 2011/2012**

A normativa da Universidade de Santiago de Compostela para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno o día 31 de outubro de 1996, establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

En exercicio desta competencia, a Facultade de Dereito dotouse hai varios anos dun sistema de libre elección de grupo que foi revisado no curso académico 2009/2010, á vista da experiencia habida ata ese momento. Pola súa banda, no pasado curso 2010/2011 houbo que introducir adaptacións para o primeiro curso da nova titulación de Graduado en Dereito, que se empezou a implantar na Facultade.

Para o novo curso académico 2011/2012 cabe manter o réxime de libre elección de grupo da titulación de Licenciado en Dereito sen máis modificacións que as necesarias para excluír do mesmo os grupos de centro que, de ser o caso, se constitúan desdobrando grupos previstos no Plan Docente Anual, posto que se imparten no mesmo horario que estes últimos. Pola contra, é preciso deseñar un réxime enteiramente novo para a titulación de Graduado en Dereito, que teña en conta as esixencias dos estudos adaptados ó Espazo Europeo da Educación Superior.

Isto implica garantir, por enriba de calquera outra consideración, que os alumnos poidan asistir ás clases de todas as materias nas que se matriculen. Por conseguinte, a asignación de grupo ten que facerse forzosamente en bloque para todas as materias do mesmo curso e, no caso de que o alumno se matricule de materias de máis dun curso, hai que establecer criterios para a coordinación dos grupos asignados nos diversos cursos.

Ó mesmo tempo, o sistema debe permitir, dentro dos límites antes expostos, o cambio de quenda, que non xa de grupo, cando existan causas que o xustifiquen, como a acreditación de motivos laborais ou outras circunstancias extraordinarias, tales como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos, así como ós estudantes doutras Universidades que participen en programas de intercambio. Igualmente, resulta conveniente preservar unha certa marxe para o cambio libre de quenda, na medida na que os criterios anteriores o permitan e non se desequilibre de xeito inaceptable o número de alumnos por grupo de cada curso nin se perturbe o normal desenvolvemento da docencia pola demora na asignación dos grupos.

Por todo o exposto, para regular no curso académico 2011/2012 a asignación de grupo ós alumnos das titulacións de Graduado en Dereito e de Licenciado en Dereito que se imparten na Facultade,

## RESOLVO

### **Primeira.-** *Número de grupos*

Consonte ó Plan Docente Anual para o curso 2011/2012, nas titulacións de Graduado en Dereito e de Licenciado en Dereito que se imparten na Facultade hai o seguinte número de grupos:

a) Materias da titulación de Graduado en Dereito (primeiro e segundo curso):

- 3 grupos de docencia expositiva (A, B, C).

- 9 grupos de docencia interactiva (A1, A2, A3, B1, B2, B3, C1, C2, C3).

b) Materias troncais e obrigatorias dos cursos con docencia da titulación de Licenciado en Dereito:

- 2 grupos teóricos e prácticos en terceiro curso (A, B), así como os grupos de centro que, de ser o caso, se constitúan en determinadas materias desdobrando o grupo con horario de mañá.

- 3 grupos teóricos e prácticos en cuarto e quinto curso (A, B, C), agás na materia “Prácticum”.

- 10 grupos prácticos na materia “Prácticum”, identificados pola denominación das áreas de coñecemento responsables da súa docencia.

### **Segunda.-** *Asignación de grupo de docencia expositiva ós alumnos matriculados na titulación de Graduado en Dereito*

Os alumnos da titulación de Graduado en Dereito serán asignados ó mesmo grupo de docencia expositiva en todas as materias nas que se matriculen dentro do mesmo curso, de acordo coa orde alfabética dos seus apelidos e as seguintes regras:

a) Alumnos de primeiro curso de primeira matrícula e alumnos adaptados desde a titulación de Licenciado en Dereito no curso 2011/2012 que se matriculen só en materias de primeiro curso:

- Letras A-F: grupo A.

- Letras G-O: grupo B.

- Letras P-Z: grupo C.

b) Alumnos que no curso 2011/2012 se matriculen só en materias de segundo curso:

- Letras A-L: grupo A.

- Letras M-Z: grupo B.

c) Alumnos que no curso 2010/2011 estiveron matriculados no primeiro curso da titulación de Graduado en Dereito e que no curso 2011/2012 se matriculen só en materias de primeiro curso:

- Mesmo grupo de docencia expositiva que tiveron asignado no curso 2010/2011.

d) Alumnos que no curso 2010/2011 estiveron matriculados no primeiro curso da titulación de Graduado en Dereito e que no curso 2011/2012 se matriculen en materias de primeiro e segundo curso:

i) Materias de primeiro curso:

- Mesmo grupo de docencia expositiva que tiveron asignado no curso 2010/2011.

ii) Materias de segundo curso:

- Alumnos ós que nas materias de primeiro curso lles corresponda o grupo A ou o grupo B:

Grupo C.

- Alumnos ós que nas materias de primeiro curso lles corresponda o grupo C:

Letras A-R: grupo A.

Letras S-Z: grupo B.

e) Alumnos adaptados desde a titulación de Licenciado en Dereito no curso 2011/2012 que se matriculen en materias de primeiro e segundo curso:

i) Materias de primeiro curso:

- Grupo C.

ii) Materias de segundo curso:

- Letras A-L: grupo A.

- Letras M-Z: grupo B.

**Terceira.-** *Cambio de quenda dos alumnos matriculados na titulación de Graduado en*

## *Dereito*

1. Os alumnos que se matriculen na titulación de Graduado en Dereito ata o día 9 de setembro de 2011, inclusive, poden pedir o cambio da quenda, de mañá ou de tarde, que lles corresponda en función do grupo asignado de acordo coas regras contidas na disposición anterior, mediante solicitude presentada na Secretaría do Decanato da Facultade dentro do referido prazo.

2. O cambio de quenda afectará necesariamente a todas as materias do mesmo curso nas que o alumno estea matriculado. Para os alumnos que estean matriculados en materias de primeiro e segundo curso implicará, así mesmo, a inversión das quendas que correspondan nun e outro curso.

3. Concederase automaticamente o cambio de quenda nos seguintes casos:

a) Alumnos que acrediten motivos laborais ou outras circunstancias extraordinarias, como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos, sempre que o cambio de quenda solicitada se xustifique pola circunstancia alegada.

b) Estudantes doutras Universidades que participen en programas de intercambio.

4. Para decidir a concesión do cambio de quenda nos casos non contemplados no apartado anterior establecerase unha cota máxima de alumnos por grupo e curso, que se calculará dividindo entre tres o número total de alumnos matriculados ata o día 9 de setembro de 2011, inclusive, na materia con maior número de alumnos de cada curso e multiplicando o resultado por 1,1. Os cambios de quenda concederanse por orde da nota media simple do expediente ou, no caso dos alumnos de primeiro curso de primeira matrícula, da nota das probas de acceso á Universidade, ata cubrir a cota máxima de alumnos por grupo e curso, tendo en conta os alumnos asignados a cada grupo de acordo coas regras establecidas na disposición segunda desta Resolución e os cambios de quenda concedidos automaticamente en aplicación do apartado anterior.

Cando o cambio de quenda afecte a dous cursos, para que se poida conceder deberá haber prazas libres nos grupos ós que se efectúe o cambio nos dous cursos.

5. As solicitudes de cambio de quenda presentadas con posterioridade ó día 9 de setembro de 2011 só se concederán nos casos contemplados no apartado segundo desta disposición, previa solicitude presentada na Secretaría do Decanato da Facultade, e sempre que a presentación da solicitude logo da data mencionada se xustifique por fundarse a mesma en circunstancias sobrevindas ou polo momento no que o estudante formalizou a matrícula.

### ***Cuarta.- Asignación de grupo de docencia interactiva ós alumnos matriculados na titulación de Graduado en Dereito***

1. Os grupos de docencia interactiva da titulación de Graduado en Dereito formaranse, unha

vez asignados os alumnos ós grupos de docencia expositiva e, en todo caso, antes do inicio da impartición da docencia interactiva, dividindo os alumnos de cada un dos grupos de docencia expositiva en tres partes iguais pola orde alfabética dos seus apelidos.

2. Os alumnos ós que se lles asigne ou modifique o grupo de docencia expositiva con posterioridade á formación dos grupos de docencia interactiva serán adscritos ós grupos de docencia interactiva que menos alumnos teñan daqueles nos que se dividan os grupos de docencia expositiva que lles correspondan nas materias nas que estean matriculados.

**Quinta.-** *Elección de grupo nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito*

1. Os alumnos que se matriculen nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito solicitarán a adscrición a calquera dos grupos existentes en cada unha daquelas a través da Secretaría Virtual de alumnos, na páxina web da Universidade de Santiago de Compostela. A devandita solicitude pode ser modificada libremente polo alumno polo mesmo medio ata o día 21 de outubro de 2011, inclusive.

2. Os alumnos que se matriculen con posterioridade ó día 21 de outubro de 2011 poden solicitar grupo de entre aqueles nos que queden prazas vacantes logo da adxudicación ós alumnos que solicitaron grupo ata ese día, sen prexuízo do establecido no apartado primeiro da disposición sétima desta Resolución.

3. Quedan excluídos da elección de grupo regulada nesta disposición os grupos de centro que, de ser o caso, se constitúan desdobrando grupos previstos no Plan Docente Anual.

**Sexta.-** *Número máximo de prazas por grupo nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito*

1. O número máximo de prazas en cada grupo das materias troncais e obrigatorias da titulación de Licenciado en Dereito será o resultado de multiplicar por 1,1 o número teórico de alumnos do grupo, agás na materia “Prácticum”, na que será o resultado de multiplicar por 1,05 o número teórico de alumnos de cada grupo.

2. Para os efectos desta disposición, considérase número teórico de alumnos de cada grupo o resultado de dividir o número de alumnos matriculados en cada materia entre o número de grupos existente na mesma.

**Sétima.-** *Criterios para a asignación de grupo ós alumnos matriculados nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito*

1. Ós alumnos matriculados nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito asignaráselles automaticamente o grupo solicitado, con independencia da data da solicitude e sen consideración do número máximo de prazas por grupo, nos seguintes casos:

a) Cando acrediten motivos laborais ou outras circunstancias extraordinarias, como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos, sempre que o grupo solicitado teña un horario que se xustifique pola circunstancia alegada.

b) Cando se trate de estudantes doutras Universidades que participen en programas de intercambio.

2. Entre as solicitudes presentadas ata o día 21 de outubro de 2011, inclusive, que non se atopen nos casos contemplados no apartado anterior procederase á asignación de grupo atendendo ós criterios seguintes:

a) Se o número de prazas dun grupo é superior ás solicitudes, asignarase o grupo solicitado a todos os alumnos.

b) Se o número de prazas dun grupo é inferior ó número de solicitudes, a asignación efectuarase de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1.º Alumnos que teñan dous ou máis suspensos na materia para a que solicitan o grupo.

2.º Alumnos que soliciten o mesmo grupo para todas as materias troncais e obrigatorias do curso no que se matriculen dun maior número de materias troncais e obrigatorias, nas solicitudes de grupo para as materias dese curso. Se un alumno se matriculase do mesmo número de materias troncais e obrigatorias en dous ou máis cursos, a prioridade aplicarase unicamente ás correspondentes ó curso inferior.

3.º O resto das solicitudes atenderanse en función da nota media simple do expediente dos alumnos, que será tamén o criterio que se empregue, de ser o caso, para determinar as preferencias entre as solicitudes que teñan o mesmo orde de prioridade.

3. As solicitudes presentadas con posterioridade ó día 21 de outubro de 2011 resolveranse asignando ós alumnos os grupos nos que queden prazas vacantes segundo a orde temporal das solicitudes, agás nos casos contemplados no apartado primeiro desta disposición.

4. Os grupos de centro que, de ser o caso, se constitúan desdobrando grupos previstos no Plan Docente Anual formaranse dividindo os alumnos adscritos ó grupo previsto no Plan Docente Anual obxecto de desdobramento en dúas partes iguais pola orde alfabética dos seus apelidos.

#### **Oitava.- Resolución e procedemento de reclamación**

1. As solicitudes de cambio de quenda presentadas ata o día 9 de setembro de 2011, inclusive, polos alumnos matriculados na titulación de Graduado en Dereito, así como as solicitudes de adscrición a un grupo presentadas ata o día 21 de outubro de 2011, inclusive, polos alumnos matriculados nas materias troncais e obrigatorias con docencia da titulación de Licenciado en Dereito, serán resoltas de xeito conxunto polo Decano da Facultade mediante sendas

resolucións provisionais que se publicarán, respectivamente, antes do 23 de setembro e do 4 de novembro de 2011 no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.

2. Contra as resolucións provisionais de asignación de grupos mencionadas no apartado anterior pódese reclamar ante o Decano no prazo de dez días contados desde o día seguinte ó de publicación daquelas no taboleiro de anuncios da Facultade.

3. O Decano resolverá as reclamacións presentadas, previo informe da Comisión de Docencia, e ditará as correspondentes resolucións definitivas sobre a asignación de grupos, que se publicarán nos mesmos medios que as resolucións provisionais no prazo máximo de dez días contados desde o día seguinte ó de finalización do prazo de reclamación.

No caso das reclamacións presentadas contra a resolución provisional de asignación de grupo ós alumnos matriculados nas materias troncais e obrigatorias das titulación de Licenciado en Dereito, co fin de facilitar que estes alumnos poidan exercer o seu dereito a recibir docencia das materias nas que estean matriculados, o Decano, previo informe favorable da Comisión de Docencia, poderá asignar grupos distintos ós asignados provisionalmente, sen suxeición ó número máximo de prazas, ós reclamantes que acrediten unha incompatibilidade de horarios que afecte a materias nas que teñan un ou máis suspensos e sexan de cursos distintos a aquel no que o alumno se matriculou dun maior número de materias troncais e obrigatorias.

4. Contra as resolucións definitivas de asignación de grupos mencionadas no apartado anterior pódese recorrer en alzada ante o Reitor.

5. As solicitudes de cambio de quenda ou de adscrición a un grupo presentadas logo das datas sinaladas no apartado primeiro desta disposición serán resoltas polo Decano da Facultade individualizadamente e contra elas só caberá o recurso de alzada ante o Reitor.

**Novena.-** *Entrada en vigor*

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

Santiago de Compostela, 22 de xullo do 2011.

O Decano

Luis Miguez Macho

## DILIXENCIA

Para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de xullo do 2011.

O Decano

Luis Miguez Macho

SRA. SECRETARIA XERAL; SRS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DA

UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR